

*ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA.  
CURSO 2019/2020*

*CENTRO: IES XOSÉ NEIRA VILAS - PRILLO - OLEIROS - LA ORUÑA  
DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA - XEOLOXÍA  
DATA: 07/05/2020*

## ÍNDICE

1. *Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.*
2. *Avaliación e cualificación.*
3. *Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)*
4. *Información e publicidade.*

# 1º E.S.O. BIOLOXÍA-XEOLOXÍA

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico, e utilizala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.
Recoñecer as ideas principais sobre a orixe do Universo, e a formación e a evolución das galaxias.	Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais.
Relacionar comparativamente a posición dun planeta no sistema solar coas súas características.	Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.
Establecer os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e relacionalos coa existencia do día e a noite, as estacións, as mareas e as eclipses.	Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.
Identificar os materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra.	Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.
Recoñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas, distinguir as súas aplicacións máis frecuentes e salienta a súa importancia económica e a xestión sustentable.	Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá.
· Analizar as características e a composición da atmosfera, e as propiedades do aire	Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe.
· Recoñecer a importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos e considerar as repercusións da actividade humana nela.	Relaciona situacións en que a actividade humana interfire coa acción protectora da atmosfera.
Describir as propiedades da auga e a súa importancia para a existencia da vida.	Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.
Interpretar a distribución da auga na Terra, así como o ciclo da auga e o uso que fai dela o ser humano.	Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.
Xustificar e argumentar a importancia de preservar e non contaminar as augas doces e salgadas.	Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas.
· Seleccionar as características que fan da Terra un planeta especial para o desenvolvemento da vida.	Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.
Diferenciar os compoñentes dun ecosistema.	Identifica os compoñentes dun ecosistema.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<i>Procedementos: Realización de actividades de reforzo, repaso, ampliación ou recuperación según o caso de cada alumno.</i>
	<i>Instrumentos: Formularios de Google, envío de actividades e traballos en diferentes soportes según as habilidades informáticas de cada alumno a través de correo electrónico ou da plataforma E-Dixgal</i>
<b>Cualificación final</b>	<i>Será a media das obtidas durante as dúas primeiras avaliacións que poderá aumentarse nun máximo de ata 2 puntos coa entrega polos diferentes medios telemáticos de actividades de reforzo, repaso e ampliación según o caso. Aqueles que tiveran algunha avaliación suspensa faraánselle actividades de recuperación da materia correspondente, coas que poderán acadar unha avaliación positiva.</i>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<i>Realización de traballos ou probas, ben vía telemática ou ben presencial, según proceda de acordo coa situación sanitaria do momento, cos criterios mínimos de avaliación establecidos</i>

*Hai só un alumno coa materia pendente que acadou os estándares de aprendizaxe mínimos antes do estado de alarma e polo tanto superou a materia dada ata ese momento.*

### ***3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)***

<b><i>Actividades</i></b>	<i>Realización de actividades, escritas ou interactivas, e traballos de ampliación, reforzo ou recuperación</i>
<b><i>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</i></b>	<i>Todo o alumnado posee libro electrónico e a proposta e entrega de actividades realízase a través da plataforma E-Dixgal ou de correo electrónico.</i>
<b><i>Materiais e recursos</i></b>	<i>Libro electrónico E-Dixgal, blog de aula con vídeos e animacións de reforzo e repaso, actividades interactivas do libro electrónico e outras de distintas plataformas como Educaplay que se insertan na plataforma E-Dixgal.</i>

### ***4. Información e publicidade***

<b><i>Información ao alumnado e ás familias</i></b>	<i>Mensaxería E-Dixgal e Sixa familias, correo electrónico e publicación das indicacións no Google Calendar da páxina web do centro.</i>
<b><i>Publicidade</i></b>	<i>Publicación na páxina web do centro a través do Google Calendar.</i>

# 3º E.S.O. BIOLOXÍA-XEOLOXÍA

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células e determinar as características que os diferencian da materia inerte.	Establece comparativamente as analoxías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.
Describir as funcións comúns a todos os seres vivos, diferenciando entre nutrición autótrofa e heterótrofa.	Contrasta o proceso de nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa, e deduce a relación entre elas.
Catalogar os niveis de organización da materia viva (células, tecidos, órganos e aparellos ou sistemas) e diferenciar as principais estruturas celulares e as súas funcións.	Diferencia os tipos celulares e describe a función dos orgánulos máis importantes.
Descubrir, a partir do coñecemento do concepto de saúde e doenza, os factores que os determinan.	Argumenta as implicacións dos hábitos para a saúde, e xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promover a individual e colectivamente.
Valorar e identificar hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención das doenzas.	Coñece e describe hábitos de vida saudable e identifícalos como medio de promoción da súa saúde e da das demais persoas.
Determinar o funcionamento básico do sistema inmune e as continuas contribucións das ciencias biomédicas, e describir a importancia do uso responsable dos medicamentos.	Explica en que consiste o proceso de inmunidade, e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas.
Recoñecer e transmitir a importancia que ten a prevención como práctica habitual e integrada nas súas vidas e as consecuencias positivas da doazón de células, sangue e órganos.	Detalla a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano.
Investigar as alteracións producidas por distintos tipos de substancias aditivas, e elaborar propostas de prevención e control.	· Detecta as situacións de risco para a saúde relacionadas co consumo de substancias tóxicas e estimulantes, como tabaco, alcohol, drogas, etc., contrasta os seus efectos nocivos e propón medidas de prevención e control.
Argumentar a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico na saúde, e identificar as doenzas e os trastornos principais da conduta alimentaria.	Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria.
Explicar os procesos fundamentais da nutrición, utilizando esquemas gráficos dos aparellos que interveñen nela.	Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso.
Identificar os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e coñecer o seu funcionamento.	· Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.
· Describir os procesos implicados na función de relación, e os sistemas e aparellos implicados, e recoñecer e diferenciar os órganos dos sentidos e os cuidados do oído e a vista.	Describe os procesos implicados na función de relación, e identifica o órgano ou a estrutura responsables de cada proceso.
Explicar a misión integradora do sistema nervioso ante diferentes estímulos, e describir o seu funcionamento.	Identifica algunhas doenzas comúns do sistema nervioso e relaciónaoas coas súas causas, cos factores de risco e coa súa prevención.
Asociar as principais glándulas endócrinas coas hormonas que sintetizan e coa súa función.	Enumera as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><u>Procedementos:</u> O alumnado será avaliado no terceiro trimestre tendo en conta as distintas tarefas realizadas na casa así como o seu grao de participación durante o período de confinamento. Valorarase que as actividades estean ben resoltas, a súa correcta presentación e que cumpran cos prazos de entrega establecidos. As actividades serán de reforzo, repaso, ampliación ou recuperación segundo o caso de cada alumno.</p> <p><u>Instrumentos:</u> envío de actividades e traballos en diferentes soportes segundo as habilidades informáticas de cada alumno a través de correo electrónico.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Será a media das obtidas durante as dúas primeiras avaliaciões que poderá aumentarse nun máximo de ata 2 puntos coa entrega polos diferentes medios telemáticos de actividades de reforzo, repaso e ampliación según o caso. Aqueles que tiveran algunha avaliación suspensa faraánselle actividades de recuperación da materia correspondente, coas que poderán acadar unha avaliación positiva.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Realización de traballos ou probas, ben vía telemática ou ben presencial, según proceda de acordo coa situación sanitaria do momento, cos criterios mínimos de avaliación establecidos</p>
<p>Non hai alumnado desta materia pendente</p>	

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

<b>Actividades</b>	<p>Realización de actividades, escritas ou interactivas, e traballos de ampliación, reforzo ou recuperación</p> <p>Inclúen:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Lectura comprensiva e subliñado de textos relacionados cos contidos do currículo.</li><li>• Realización de esquemas.</li><li>• Resolución de exercicios variados: test, completar debuxos mudos, resolución de textos mutilados, relacionar conceptos...</li><li>• Pequenos traballos de investigación con datos obtidos na rede.</li><li>• Interpretación de gráficos e documentos.</li><li>• Realización de mapas conceptuais.</li><li>• Comentarios de textos científicos.</li></ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Todo o alumnado posúe libro de texto e a proposta e entrega de actividades realízase a través da Aula Virtual ou de correo electrónico no caso particular de dous alumnos que non teñen acceso a ela.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Equipos informáticos, libro de texto, aula virtual, teléfonos móbiles e páxinas web de interese científico e divulgador</p>

### **4. Información e publicidade**

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Sixa familias, Aula virtual, Correo Electrónico e publicación das indicacións no Google Calendar da páxina web do centro.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Publicación na páxina web do centro.</p>

# 4º E.S.O. BIOLOXÍA-XEOLOXÍA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Determinar as analogías e as diferenzas na estrutura das células procariotas e eucariotas, e interpretar as relacións evolutivas entre elas	Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.
Formular e identificar os principais procesos que teñen lugar na mitose e na meiose, e revisar o seu significado e a súa importancia biolóxica	Recoñece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e o seu significado biolóxico.
Comparar os tipos e a composición dos ácidos nucleicos e a súa función	Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes.
Comprender e ilustrar como se expresa a información xenética, utilizando o código xenético e resolvendo problemas sinxelos.	Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético
Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas sinxelos, e recoñecer a base cromosómica das leis de Mendel.	Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres
Coñecer e identificar algunhas doenzas hereditarias, a súa prevención e o seu alcance social.	Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.
Recoñecer as aplicacións da enxeñaría xenética: organismos modificados xeneticamente (OMX).	Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética.
Comprender e establecer os mecanismos da evolución destacando a importancia da mutación e a selección. Analizar o debate entre gradualismo e saltacionismo.	Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural.
Comparar adaptacións dos seres vivos a diferentes medios, mediante a utilización de exemplos.	Interpreta as adaptacións dos seres vivos a un ambiente determinado, relacionando a adaptación co factor ou os factores ambientais desencadeantes deste.
Identificar as relacións intraespecíficas e interespecíficas como factores de regulación dos ecosistemas.	Recoñece e describe relacións e a súa influencia na regulación dos ecosistemas, interpretando casos prácticos en contextos reais.
Explicar os conceptos de cadeas e redes tróficas.	Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, e valora a súa importancia para a vida en xeral e o mantemento destas.
Expresar como se produce a transferencia de materia e enerxía ao longo dunha cadea ou rede trófica, e deducir as consecuencias prácticas na xestión sustentable.	Compara as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano, e valora criticamente a súa importancia.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><u>Procedementos:</u> O alumnado será avaliado no terceiro trimestre tendo en conta as distintas tarefas realizadas na casa así como o seu grao de participación durante o período de confinamento. Valorarase que as actividades estean ben resoltas, a súa correcta presentación e que cumpran cos prazos de entrega establecidos. As actividades serán de reforzo, repaso, ampliación ou recuperación segundo o caso de cada alumno.</p> <p><u>Instrumentos:</u> envío de actividades e traballos en diferentes soportes segundo as habilidades informáticas de cada alumno a través de correo electrónico.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Será a media das obtidas durante as dúas primeiras avaliaciós que poderá aumentarse nun máximo de ata 2 puntos coa entrega polos diferentes medios telemáticos de actividades de reforzo, repaso e ampliación según o caso. Aqueles que tiveran algunha avaliación suspensa faraánselle actividades de recuperación da materia correspondente, coas que poderán acadar unha avaliación positiva.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Realización de traballos ou probas, ben vía telemática ou ben presencial, según proceda de acordo coa situación sanitaria do momento, cos criterios mínimos de avaliación establecidos</p>

*Non hai alumnado de materia pendente*

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

<b>Actividades</b>	<i>Test, completar debuxos mudos, completar textos mutilados, realización de esquemas e mapas conceptuais, pequenos traballos de investigación, interpretación de gráficos e documentos, comentarios de textos científicos, lectura comprensiva de textos relacionados co currículo.</i>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<i>O alumnado recibe semanalmente a parte teórica que debe traballar posto que algúns deles non teñen libro de texto. Baseándose nesa teoría realizarán distintas actividades e fichas de traballo</i>
<b>Materiais e recursos</b>	<i>Equipos informáticos, libro de texto, aula virtual, teléfonos móbiles e páxinas web de inerece científico e divulgador</i>

### **4. Información e publicidade**

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<i>Sixa familias, Aula virtual, Correo Electrónico e publicación das indicacións no Google Calendar da páxina web do centro.</i>
<b>Publicidade</b>	<i>Publicación na páxina web do centro.</i>

# 4º E.S.O. CULTURA CIENTÍFICA

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Recoñecer a evolución do pensamento científico ao longo da historia e comprender as características do método científico.	Coñece algúns fitos históricos na aparición do pensamento científico e recoñece as súas características.
Comprender informacións, adquirir vocabulario sobre os contidos da unidade, expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita e mostrar interese pola lectura de textos.	Comprende os textos e as diferentes informacións presentadas ao longo da unidade, adquire vocabulario adecuado, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura de textos.
Diferenciar as explicacións científicas relacionadas co universo, o sistema solar, a Terra, a orixe da vida e a evolución das especies daquelas baseadas en opinións ou crenzas.	Describe as diferentes teorías acerca da orixe, evolución e final do universo, establecendo os argumentos que as sustentan.
Describir a organización do universo e como se agrupan as estrelas e planetas.	Establece a organización do universo coñecido, situando nel o sistema solar.
Utilizar diversos materiais, técnicas, códigos e recursos artísticos na realización de creacións propias.	Realiza debuxos ou maquetas que representan modelos o máis parecidos posible á realidade.
Identificar as causas que provocan os principais problemas ambientais e os factores que os intensifican; así como predicir as súas consecuencias e propoñer solucións a estes.	Busca solucións que poidan poñerse en marcha para resolver os principais problemas ambientais.
Coñecer e usar de forma responsable as TIC, desenvolver estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.	Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.
Coñecer as principais fontes de enerxía que o ser humano utilizou ao longo da súa historia, así como as transformacións enerxéticas que se levan a cabo para utilizala.	Recoñece os diferentes tipos de fontes de enerxía que utiliza o ser humano e clasifícaa en función de varios criterios (o seu carácter renovable, o seu uso primario ou secundario, os impactos que xera...), contrastando as vantaxes e inconvenientes.
Entender e interpretar a información contida en distintos tipos de representacións gráficas e extraer conclusións desta.	Extrae e interpreta a información en diferentes tipos de representacións gráficas, establecendo conclusións.
Coñecer os principais materiais que se utilizan na sociedade actual, os seus métodos de obtención e as súas aplicacións en diversos campos das actividades humanas como a comunicación, o transporte, a alimentación, a construción, a medicina...	Describe as propiedades dos diferentes materiais que se utilizan na actualidade e relaciónaa coas súas aplicacións en diversos campos.
Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións. Desenvolver actitudes de respecto e colaboración ao traballar en grupo.	Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.
Describir as características dos axentes que causan as enfermidades infecciosas e algunhas medidas de prevención do contaxio.	Describe as características dos axentes que causan as enfermidades infecciosas e algunhas medidas de prevención do contaxio.
Coñecer as principais características do cancro, a diabete, as enfermidades cardiovasculares, as enfermidades mentais, etc., e a importancia das revisións preventivas.	Coñece as principais características do cancro, a diabete, as enfermidades cardiovasculares, as enfermidades mentais, etc., e a importancia das revisións preventivas.
Coñecer os mecanismos de defensa do organismo fronte aos patóxenos.	Describe o sistema inmunitario e a función que realiza.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><u>Procedementos:</u> O alumnado será avaliado no terceiro trimestre tendo en conta as distintas tarefas realizadas na casa así como o seu grao de participación durante o período de confinamento. Valorarase que as actividades estean ben resoltas, a súa correcta presentación e que cumpran cos prazos de entrega establecidos. As actividades serán de reforzo, repaso, ampliación ou recuperación segundo o caso de cada alumno.</p> <p><u>Instrumentos:</u> envío de actividades e traballos en diferentes soportes segundo as habilidades informáticas de cada alumno a través de correo electrónico.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Será a media das obtidas durante as dúas primeiras avaliaciós que poderá aumentarse nun máximo de ata 2 puntos coa entrega polos diferentes medios telemáticos de actividades de reforzo, repaso e ampliación según o caso. Aqueles que tiveran algunha avaliación suspensa faraánselle actividades de recuperación da materia correspondente, coas que poderán acadar unha avaliación positiva.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Realización de traballos ou probas, ben vía telemática ou ben presencial, según proceda de acordo coa situación sanitaria do momento, cos criterios mínimos de avaliación establecidos</p>

Non hai alumnado coa materia pendente

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

<b>Actividades</b>	<i>Test, completar debuxos mudos, completar textos mutilados, realización de esquemas e mapas conceptuais, pequenos traballos de investigación, interpretación de gráficos e documentos, comentarios de textos científicos, lectura comprensiva de textos relacionados co currículo.</i>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<i>O alumnado recibe semanalmente a parte teórica que debe traballar posto que algúns deles non teñen libro de texto. Baseándose nesa teoría realizarán distintas actividades e fichas de traball</i>
<b>Materiais e recursos</b>	<i>Equipos informáticos, libro de texto, aula virtual, teléfonos móbiles e páxinas web de inerece científico e divulgador</i>

### **4. Información e publicidade**

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<i>Sixa familias, Aula Virtual, Correo Electrónico e publicación das indicacións no Google Calendar da páxina web do centro.</i>
<b>Publicidade</b>	<i>Publicación na páxina web do centro.</i>

# 1º BACHILLER BIOLOXÍA-XEOLOXÍA

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<i>Diferenciar e clasificar os tipos de biomoléculas que constitúen a materia viva, e relacionalos coas súas respectivas funcións biolóxicas na célula.</i>	<i>Distingue as características fisicoquímicas e as propiedades das moléculas básicas que configuran a estrutura celular, e destaca a uniformidade molecular dos seres vivos.</i>
<i>Describir a célula como unidade estrutural, funcional e xenética dos seres vivos, e distinguir unha célula procariota dunha eucariota e unha célula animal dunha vexetal, analizando as súas semellanzas e as súas diferenzas.</i>	<i>Perfila células procariotas e eucarióticas e nomea as súas estruturas.</i>
<i>Identificar os orgánulos celulares, e describir a súa estrutura e a súa función.</i>	<i>Representa esquematicamente os orgánulos celulares e asocia cada orgánulo coa súa función ou coas súas funcións.</i>
<i>Recoñecer e identificar as fases da mitose e da meiose, e argumentar a súa importancia biolóxica.</i>	<i>Describe os acontecementos fundamentais en cada fase da mitose e da meiose.</i>
<i>Explicar que é o metabolismo, diferenciar os seus tipos e describir os principais procesos metabólicos.</i>	<i>Definir metabolismo e explicar as características do anabolismo e do catabolismo e a función dos intermediarios metabólicos; establecer as diferenzas entre a respiración aerobia e a fermentación, explicar como se leva a cabo a fotosíntese e describir as etapas de cada proceso.</i>
<i>Coiñecer as formas non celulares.</i>	<i>Explicar qué son virus, plásmidos, viroides e prións.</i>
<i>Coiñecer os principais tecidos vexetais e animais e as súas diferentes variedades, e describir as súas características morfolóxicas e funcionais.</i>	<i>Clasificar e describir os diferentes tipos de tecidos.</i>
<i>Explicar como actúa a selección natural e as achegas da teoría sintética.</i>	<i>Indicar os principios mediante os cales actúa a selección natural.</i>
<i>Establecer os principais ecosistemas españois e coñecer as súas destacables características.</i>	<i>Realizar unha táboa na que se expoñan de modo comparativo as características xerais da vexetación e da fauna dos principais ecosistemas.</i>
<i>Sinalar as características xerais dos diferentes reinos e coñecer a súa clasificación.</i>	<i>Enumerar as principais características dos reinos.</i>
<i>Coiñecer as funcións de nutrición, relación e reprodución nas plantas e o papel das hormonas vexetais na regulación e na coordinación vexetal.</i>	<i>Identificar e describir os procesos fisiolóxicos que se producen nas plantas.</i>
<i>Valorar a importancia do coñecemento das plantas e a súa reprodución para o ser humano.</i>	<i>Valorar a importancia das plantas para o ser humano.</i>
<i>Distinguir os modelos dos distintos aparellos dos vertebrados e invertebrados.</i>	<i>Recoñece e diferencia os aparellos dos vertebrados e invertebrados.</i>

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><u>Procedementos:</u> O alumnado será avaliado no terceiro trimestre tendo en conta as distintas tarefas realizadas na casa así como o seu grao de participación durante o período de confinamento. Valorarase que as actividades estean ben resoltas, a súa correcta presentación e que cumpran cos prazos de entrega establecidos. As actividades serán de reforzo, repaso, ampliación ou recuperación segundo o caso de cada alumno.</p> <p><u>Instrumentos:</u> envío de actividades e traballos en diferentes soportes segundo as habilidades informáticas de cada alumno a través de correo electrónico.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Será a media das obtidas durante as dúas primeiras avaliaciós que poderá aumentarse nun máximo de ata 2 puntos coa entrega polos diferentes medios telemáticos de actividades de reforzo, repaso e ampliación según o caso. Aqueles que tiveran algunha avaliación suspensa faraánselle actividades de recuperación da materia correspondente, coas que poderán acadar unha avaliación positiva.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Realización de traballos ou probas, ben vía telemática ou ben presencial, según proceda de acordo coa situación sanitaria do momento, cos criterios mínimos de avaliación establecidos</p>
<p>Non hai alumnado coa materia pendente</p>	

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

<b>Actividades</b>	<i>Test, completar debuxos mudos, completar textos mutilados, realización de esquemas e mapas conceptuais, pequenos traballos de investigación, interpretación de gráficos e documentos, comentarios de textos científicos, lectura comprensiva de textos relacionados co currículo.</i>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<i>O alumnado recibe semanalmente a parte teórica que debe traballar posto que algúns deles non teñen libro de texto. Baseándose nesa teoría realizarán distintas actividades e fichas de traballo.</i>
<b>Materiais e recursos</b>	<i>Equipos informáticos, libro de texto, aula virtual, teléfonos móbiles e páxinas web de inerece científico e divulgador</i>

### **4. Información e publicidade**

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<i>Sixa familias, Aula Virtual, Correo Electrónico e publicación das indicacións no Google Calendar da páxina web do centro.</i>
<b>Publicidade</b>	<i>Publicación na páxina web do centro.</i>

# 1º BACHILLER CULTURA CIENTÍFICA

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<i>Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas con temas científicos da actualidade.</i>	<i>Valora a importancia do coñecemento para detectar a casualidade en ciencia.</i>
<i>Xustificar a teoría da deriva continental en función das evidencias experimentais que a apoian.</i>	<i>Xustifica a teoría da deriva continental a partir das probas xeográficas, paleontolóxicas, xeolóxicas e paleoclimáticas.</i>
<i>Establecer as probas que apoian a teoría da selección natural de Darwin e utilizar esta para explicar a evolución dos seres vivos na Terra.</i>	<i>Valora, de forma crítica, as informacións asociadas ao universo, a Terra e a orixe das especies, distinguindo entre información científica real, opinión e ideoloxía.</i>
<i>Recoñecer a evolución desde os primeiros homínidos ata o home actual e establecer as adaptacións que nos fixeron evolucionar.</i>	<i>Establece as diferentes etapas evolutivas dos homínidos ata chegar ao Homo sapiens, establecendo as súas características fundamentais, tales como a capacidade cranial e a altura.</i>
<i>Obter, seleccionar e valorar informacións sobre o ADN, o código xenético, a enxeñería xenética e as súas aplicacións médicas.</i>	<i>Sabe situar a información xenética que posúe todo ser vivo, establecendo a relación xerárquica entre as distintas estruturas, desde o nucleótido ata os xenes responsables da herdanza.</i>
<i>Avaliar as aplicacións da enxeñería xenética na obtención de fármacos, transxénicos e terapias xénicas.</i>	<i>Analiza as aplicacións da enxeñería xenética na obtención de fármacos, transxénicos e terapias xénicas.</i>
<i>Identificar algúns problemas sociais e dilemas morais debidos á aplicación da xenética: obtención de transxénicos, reprodución asistida e clonación.</i>	<i>Valora, de forma crítica, os avances científicos relacionados coa xenética, os seus usos e as súas consecuencias médicas e sociais.</i>
<i>Analizar a evolución histórica na consideración e o tratamento das enfermidades.</i>	<i>Coñece a evolución histórica dos métodos de diagnóstico e tratamento das enfermidades.</i>
<i>Tomar conciencia da importancia da investigación médicofarmacéutica.</i>	<i>Describe o proceso que segue a industria farmacéutica para descubrir, desenvolver, ensaiar e comercializar os fármacos.</i>

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<i>Procedementos: Realización de actividades de reforzo, repaso ou ampliación</i>
	<i>Instrumentos: Envío de traballos de investigación en diferentes soportes según as habilidades informáticas de cada alumno, a través de correo electrónico a modo de presentacións en diferentes plataformas dixitais: genially, Power Point, presentacións de Drive, Prezi, etc.</i>
<b>Cualificación final</b>	<i>Será a media das obtidas durante as dúas primeiras avaliacións que poderá aumentarse nun máximo de ata 2 puntos coa entrega polos diferentes medios telemáticos de actividades de reforzo, repaso e ampliación según o caso. Aqueles que tiveran algunha avaliación suspensa faraánselle actividades de recuperación da materia correspondente, coas que poderán acadar unha avaliación positiva.</i>
<i>Non hai alumnos que precisen realizar a proba extraordinaria de Setembro, xa que todos acadaron os mínimos en Xuño.</i>	
<i>Non hai alumnado coa materia pendente</i>	

### *3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)*

<i>Actividades</i>	<i>Traballos de investigación para reforzo, repaso ou ampliación</i>
<i>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</i>	<i>Presentacións mediante diferentes ferramentas nas que os alumnos xa foron entrenados: genially, Power Point, presentacións de Drive, Prezi, etc.</i>
<i>Materiais e recursos</i>	<i>Instagram, correo electrónico, blog de aula, visionado de películas científicas, recomendacións de materiais e páxinas web relacionadas con cada traballo de investigación.</i>

### *4. Información e publicidade*

<i>Información ao alumnado e ás familias</i>	<i>Instagram e correo electrónico</i>
<i>Publicidade</i>	<i>Publicación na páxina web do centro.</i>

# 1º BACHILLER ANATOMÍA APLICADA

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<i>Analizar os mecanismos que interveñen nunha acción motora, relacionándoos coa finalidade expresiva das actividades artísticas.</i>	<i>Recoñece e enumera os elementos da acción motora e os factores que interveñen nos mecanismos de percepción, decisión e execución de determinadas accións motoras.</i>
<i>Interpretar o funcionamento do corpo humano como o resultado da integración anatómica e funcional dos elementos que conforman os seus niveis de organización e que o caracterizan como unha unidade estrutural e funcional.</i>	<i>Especifica as funcións vitais do corpo humano, sinalando as súas características máis salientables.</i>
<i>Recoñecer a estrutura e o funcionamento do sistema locomotor humano en movementos propios das actividades artísticas, razoando as relacións funcionais que se establecen entre as súas partes.</i>	<i>Describe a estrutura e a función do sistema esquelético en relación coa mobilidade do corpo humano.</i>
<i>Identificar as lesións máis comúns do aparello locomotor nas actividades artísticas, en relación coas súas causas fundamentais.</i>	<i>Analiza posturas e xestos motores das actividades artísticas, aplicando os principios de ergonomía, e propón alternativas para traballar de forma segura e evitar lesións.</i>
<i>Relacionar o sistema cardiopulmonar coa saúde, recoñecendo hábitos e costumes saudables para o sistema cardiorrespiratorio e o aparello de fonación, nas accións motoras inherentes ás actividades artísticas corporais e na vida cotiá.</i>	<i>Recoñece hábitos e costumes saudables para o sistema cardiorrespiratorio e o aparello de fonación, nas accións motoras inherentes ás actividades artísticas corporais e na vida cotiá.</i>
<i>Recoñecer os procesos de dixestión e absorción de alimentos e nutrientes, e explicar as estruturas orgánicas implicadas en cada un.</i>	<i>Distingue os procesos que interveñen na dixestión e na absorción dos alimentos e dos nutrientes, vinculándoos coas estruturas orgánicas implicadas en cada un.</i>
<i>Identificar os trastornos do comportamento nutricional máis comúns e os efectos que teñen sobre a saúde.</i>	<i>Identifica os principais trastornos do comportamento nutricional e argumenta os efectos que teñen para a saúde.</i>
<i>Recoñecer os sistemas de coordinación e regulación do corpo humano, especificando a súa estrutura e función.</i>	<i>Describe a estrutura e as funcións dos sistemas implicados no control e na regulación da actividade do corpo humano, establecendo a asociación entre eles.</i>
<i>Identificar as accións que lle permiten ao ser humano ser capaz de expresarse corporalmente e de relacionarse co seu ámbito.</i>	<i>Identifica os elementos básicos do corpo e o movemento como recurso expresivo e de comunicación.</i>
<i>Demostrar de xeito activo motivación, interese e capacidade para o traballo en grupo e para a asunción de tarefas e responsabilidades.</i>	<i>Participa na planificación das tarefas, asumindo o traballo encomendado, e comparte as decisións tomadas en grupo.</i>

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><u>Procedementos:</u> O alumnado será avaliado no terceiro trimestre tendo en conta as distintas tarefas realizadas na casa así como o seu grao de participación durante o período de confinamento. Valorarase que as actividades estean ben resoltas, a súa correcta presentación e que cumpran cos prazos de entrega establecidos. As actividades serán de reforzo, repaso, ampliación ou recuperación segundo o caso de cada alumno.</p> <p><u>Instrumentos:</u> envío de actividades e traballos en diferentes soportes segundo as habilidades informáticas de cada alumno a través de correo electrónico.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Será a media das obtidas durante as dúas primeiras avaliaci3ns que poderá aumentarse nun máximo de ata 2 puntos coa entrega polos diferentes medios telemáticos de actividades de reforzo, repaso e ampliación según o caso. Aqueles que tiveran algunha avaliación suspensa faráánselle actividades de recuperación da materia correspondente, coas que poderán acadar unha avaliación positiva.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Realización de traballos ou probas, ben vía telemática ou ben presencial, según proceda de acordo coa situación sanitaria do momento, cos criterios mínimos de avaliación establecidos</p>
<p><b>Non hai alumnado coa materia pendente</b></p>	

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

<b>Actividades</b>	<i>Test, completar debuxos mudos, completar textos mutilados, realización de esquemas e mapas conceptuais, pequenos traballos de investigación, interpretación de gráficos e documentos, comentarios de textos científicos.</i>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<i>O alumnado recibe semanalmente a parte teórica que debe traballar posto que algúns deles non teñen libro de texto. Baseándose nesa teoría realizarán distintas actividades e fichas de traballo.</i>
<b>Materiais e recursos</b>	<i>Equipos informáticos, libro de texto, aula virtual, teléfonos móbiles e páxinas web de inerece científico e divulgador</i>

### **4. Información e publicidade**

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<i>Sixa familias, Aula Virtual, Correo Electrónico e publicación das indicacións no Google Calendar da páxina web do centro</i>
<b>Publicidade</b>	<i>Publicación na páxina web do centro.</i>

# 2º BACHILLER BIOLOGÍA

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

*Criterio de avaliación*

*Estándar de aprendizaxe*

*Todos os programados inicialmente.*

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<u>Procedementos</u> : Probas
	<u>Instrumentos</u> : Formularios de Google para realizar probas similares Abau
<b>Cualificación final</b>	Será a media das obtidas durante as dúas primeiras avaliacións que poderá aumentarse nun máximo de ata 2 puntos coa realización de exames xerais de toda a materia dada ata o comezo do estado de alarma, por vía telemática.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Realización probas Abau, ben vía telemática ou ben presencial, según proceda de acordo coa situación sanitaria do momento.
<b>Non hai alumnado de materia pendente</b>	

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

<i>Actividades</i>	<i>Problemas, supostos prácticos e teóricos.</i>
<i>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</i>	<i>Clases de repaso e ampliación mediante videoconferencia coa plataforma Zoom e realización de simulacións de probas Abau</i>
<i>Materiais e recursos</i>	<i>Plataformas dixitais de video conferencia e Blog de aula con videos e animacións relacionadas co temario.</i>

### **4. Información e publicidade**

<i>Información ao alumnado e ás familias</i>	<i>Correo electrónico, Whatsapp, Zoom e Hangouts.</i>
<i>Publicidade</i>	<i>Publicación na páxina web do centro.</i>

# 2º BACHILLER CIENCIAS DA TERRA E MEDIOAMBIENTAIS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Extraer información, interpretar e valorar con claridade e precisión artigos e informacións científicas, a partir de textos, gráficas, táboas de datos e outras ferramentas propias do traballo científico e valorar os resultados.	Busca, selecciona e extrae información científica relevante de diferentes fontes, diferenciando as opinións das afirmacións baseadas en datos.
Investigar as fontes de enerxía e outros recursos utilizados pola Humanidade ao longo da súa historia, avaliando a súa rendibilidade pasada e presente e a súa tendencia futura.	Describe e valora as diferentes fontes de enerxía utilizadas pola Humanidade ao longo da súa historia, avalía a súa rendibilidade pasada e presente e a súa tendencia futura.
Establecer diferenzas entre o desenvolvemento incontrolado, o conservacionismo e o desenvolvemento sustentable.	Diferenza ante un problema ambiental os argumentos de explotación incontrolada e os de desenvolvemento sustentable.
Recoñecer as relacións tróficas dos ecosistemas, valorando a influencia dos factores limitantes da produción primaria e aqueles que aumentan a súa rendibilidade.	Esquematiza as relacións tróficas dun ecosistema, sinalando o nivel trófico ao que pertencen os distintos organismos e indicando o ciclo da materia e o fluxo de enerxía que se establece entre eles.
Relacionar as interaccións enerxéticas entre as distintas capas do interior terrestre cos riscos derivados de volcáns e terremotos e comparar o tempo de duración dos procesos xeolóxicos naturais lentos cos paroxísmicos.	Diferenza e describe os tres tipos de bordos litosféricos, situándoos sobre un mapa representativo das placas terrestres, relacionándoos cos riscos asociados a cada un dos mesmos.
Representar e investigar, debater e interpretar os diferentes cambios climáticos pasados, presentes e futuros, as súas causas e as súas consecuencias a escala planetaria.	Relaciona a radiación solar coa dinámica das capas fluídas e o clima e explica o funcionamento da máquina climática desde un punto de vista da dinámica de sistemas.
Argumentar a orixe da contaminación atmosférica, as súas repercusións sociais e sanitarias.	Identifica os efectos biolóxicos da contaminación atmosférica.
Propoñer medidas que favorecen a diminución da contaminación atmosférica e do efecto invernadoiro.	Describe os efectos locais, rexionais e globais ocasionados pola contaminación do aire.
Enumerar as razóns polas cales existen en España zonas sometidas a unha progresiva desertificación, propoñendo algunhas medidas razoadas para paliar os seus efectos.	Describe e clasifica os tipos de chan en España e no mundo en relación ao clima.
Relacionar as interaccións enerxéticas entre as diferentes capas terrestres coa enerxía solar e derivadas coa xeración de enerxía geotérmica e coa formación dos recursos enerxético e minerais en función da súa renovabilidade ou atendendo a outros criterios.	Utiliza o concepto de recurso e clasifica os diferentes recursos enerxéticos e minerais en función da súa renovabilidade ou mediante os novos conceptos de enerxías tradicionais ou enerxía alternativas ou novas.
Recoñecer a importancia dunha adecuada xestión da auga a través dos plans hidrolóxicos.	Coñece e propón unha serie de medidas que poida seguir a cidadanía encamiñadas a aproveitar mellor os recursos hídricos dos que se dispoñen.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><u>Procedementos</u>: O alumnado será avaliado no terceiro trimestre tendo en conta as distintas tarefas realizadas na casa así como o seu grao de participación durante o período de confinamento. Valorarase que as actividades estean ben resoltas, a súa correcta presentación e que cumpran cos prazos de entrega establecidos. As actividades serán de reforzo, repaso, ampliación ou recuperación segundo o caso de cada alumno.</p> <p><u>Instrumentos</u>: envío de actividades e traballos en diferentes soportes segundo as habilidades informáticas de cada alumno a través de correo electrónico.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Será a media das obtidas durante as dúas primeiras avaliaciós que poderá aumentarse nun máximo de ata 2 puntos coa entrega polos diferentes medios telemáticos de actividades de reforzo, repaso e ampliación según o caso. Aqueles que tiveran algunha avaliación suspensa faraánselle actividades de recuperación da materia correspondente, coas que poderán acadar unha avaliación positiva.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Realización de traballos ou probas, ben vía telemática ou ben presencial, según proceda de acordo coa situación sanitaria do momento, cos criterios mínimos de avaliación establecidos</p>
<b>Non hai alumnado coa materia pendente</b>	

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

<b>Actividades</b>	<i>Test, completar debuxos mudos, completar textos mutilados, realización de esquemas e mapas conceptuais, pequenos traballos de investigación, interpretación de gráficos e documentos, comentarios de textos científicos, lectura comprensiva de textos relacionados co currículo.</i>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<i>O alumnado recibe semanalmente a parte teórica que debe traballar posto que algúns deles non teñen libro de texto. Baseándose nesa teoría realizarán distintas actividades e fichas de traballo</i>
<b>Materiais e recursos</b>	<i>Equipos informáticos, libro de texto, aula virtual, teléfonos móbiles e páxinas web de inerece científico e divulgador</i>

### **4. Información e publicidade**

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<i>Sixa familias, Aula Virtual, Correo Electrónico e publicación das indicacións no Google Calendar da páxina web do centro.</i>
<b>Publicidade</b>	<i>Publicación na páxina web do centro.</i>